



## **Concello de San Cristovo de Cea (Ourense)**

Praza Maior, 1. C.P. 32130 Cea-Ourense. Tfno.: 988.282.000 – Fax.: 988.282.008 – C.I.F.: P-3207700-J  
E-mail: concellodecea@yahoo.es

En contestación ás informacións aparecidas en distintos medios de comunicación no que se acusa a esta Alcaldía, e con ela ao Concello de San Cristovo de Cea, de “comprar vontades” ante “unha falsa oferta de emprego” na empresa que se ten previsto instalar no noso Concello, queremos manifestar:

1º.- O Convenio coa empresa asinouse con anterioridade ao inicio da campaña electoral.

2º.- En execución da cláusula 5º de dito convenio e de acordo co compromiso de que a maior parte dos postos de traballo a crear sexan ocupados por persoal empadroadado no noso Concello, remitiuse unha carta a tódolos veciños para que aqueles que estivesen interesados se anotasen para a realización duns “cursos de formación” que se impartirán de xeito conxunto entre a Empresa e o Concello, co obxectivo de formar aos veciños para ocupar os postos de traballo específicos que no seu momento ofertará a empresa. Por todo isto, é FALSO que se ofrezan postos de traballo, o que se pide é interesados en realizar os cursos de capacitación.

3º.- Quen está manipulando e xogando cos intereses dos nosos conveciños é o P.S.O.E, que ademáis se permite o luxo de insinuar un retraso intencionado nos trámites a realizar por parte da Xunta de Galicia para poñer en marcha a fábrica.

4º.- É este Concello o que entende que o P.S.O.E. está utilizando unha xestión administrativa ordinaria para interferir no proceso electoral, desvirtuando a verdade e sementando a confusión entre os veciños, polo que comunicamos que o Concello de San Cristovo de Cea dará traslado deste feitos a Xunta Electoral de Zona de Carballiño para que estudie a posible comisión dun delito electoral.

San Cristovo de Cea a 26 de Febreiro de 2009.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

ASDO.: José Luís Valladares Fernández.-